



CG/-

Asunto	Estudo de impacto ambiental	Clave	PE/CO/010/20(2)
Proxecto	Parque eólico de Vilartoxo		
Espazo natural	Ningún		
Conca fluvial	Tambre		
Concello	A Baña e Val do Dubra		
Provincia	A Coruña		
Solicitante	Servizo de Enerxía e Minas, Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Delegación territorial da Coruña	Ref.	IN408A 2019/44
Promotor	Green Capital Power, SL	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Con data 09/09/2021 o Servizo de Enerxía e Minas, Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (Delegación Territorial da Coruña), solicitou á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, informe sobre parque eólico Vilartoxo dentro do procedemento de avaliación de impacto ambiental.

Esta solicitud fue respondida mediante informe emitido con fecha 09/05/2022, en el que se concluía que, "á vista dos antecedentes e dos datos achegados polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, considérase que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade", sempre e cando se teñan en conta un conxunto de consideracións.

Posteriormente, o promotor presenta a súa resposta ao devandito informe e, con data 10/06/2022, o Servizo de Enerxía e Minas de Coruña dá traslado da mesma a esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural, "para o seu coñecemento e aos efectos oportunos".



II. Análise da documentación.

Examinada a documentación recibida, obsérvase que o promotor considera conveniente manifestar algunhas consideracións, que seguidamente se analizan.

— **Sobre a afección aos hábitats de interese comunitario.**

Di que "O proxecto desenvolverase cumprindo rigorosamente as medidas protectoras e correctoras descritas no EslA, ás que se lle incluírán as indicadas no informe da DXPN. Prestarase especial atención ás medidas de control sobre a afección a chans e vexetación, balizando adecuadamente a zona de obras e evitando toda afección non prevista."

Resposta da DXPN.

Acéptase.

— **Sobre a previa comprobación da ausencia, na zona obxecto das actuacións, de especies protexidas que poidan ser danadas.**

Di que "Antes do inicio das obras levaranse a cabo os traballos necesarios para asegurar a ausencia de afeccións sobre especies protexidas. No caso de que se detecte a presenza dalgunha especie protexida que poida ser afectada, comunicarase ao Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, tal e como se indica no parágrafo anterior".

Resposta da DXPN.

Acéptase.

— **Sobre as posibles afeccións non previstas que puidesen producirse durante a execución das obras.**

Di que "No caso de que se detecte calquera afección significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar a dita afección e comunicarase ao Servizo de Patrimonio Natural da Coruña dita incidencia".

Resposta da DXPN.

Acéptase.



— **Sobre a restrición da rotación dos aeroxeradores para a protección dos quirópteros.**

Considera que a medida só estudaríase se, durante o seguimento ambiental, “un ou varios aeroxeradores entren nunha categoría de aeroxeradores de risco elevado (máis dun cadáver dunha especie con categoría de ameaza ou protección legal “En Perigo” ou “Vulnerable” ou máis de catro cadáveres en total nun ano)”

Resposta da DXPN.

Dado o elevado número de aeroxeradores que operan actualmente en Galicia, así como o notable incremento que se prevé de forma inmediata, pode causar que a acumulación da mortalidade, nun momento dado, causar efectos significativos sobre algunha especie en concreto.

Para limitar o impacto acumulado sobre as poboacións de quirópteros procede aplicar a medida establecida no anterior informe.

— **Sobre as medidas de protección da avifauna.**

O promotor sinala a súa predisposición a aplicación destas medidas, sen prexuízo do cumprimento doutras normativas sectoriais.

Resposta da DXPN.

Dado o elevado número de aeroxeradores que operan actualmente en Galicia, así como o notable incremento que se prevé de forma inmediata, pode causar que a acumulación da mortalidade, nun momento dado, causar efectos significativos sobre algunha especie en concreto.

Para limitar o impacto acumulado sobre as poboacións de aves, particularmente de rapaces, procede aplicar as medidas establecidas no anterior informe.

— **Respecto ao estudo do lobo.**

O promotor indica que incorporárase ao Plan de Vixilancia ambiental, a realización durante o primeiro ano de funcionamento do parque eólico, un estudo de presenza de lobo que inclúa o seguimento e avaliación das afeccións da instalación sobre a poboación de lobos, estrutura social, zonas de cría, usos do espazo, etc.



Resposta da DXPN.

Acéptase.

III. Conclusións.

Á vista dos antecedentes e da análise da documentación, reitérase que **non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, polo que se emite informe favorable**, supeditado a que se autorice coas condicións establecidas no anterior informe, aceptadas polo promotor.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

Visto e Prace

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

